



Acordo do Consello de Goberno polo que se derroga o Regulamento de símbolos, honras e protocolo da UDC aprobado polo Consello de Goberno o 22 de xullo de 2005, reformado o de 30 de outubro de 2008

Preámbulo

O Consello de Goberno da Universidade da Coruña aprobou un Regulamento de símbolos, honras e protocolo na súa sesión de 22 de xullo de 2005, que foi reformado o de 30 de outubro de 2008. Desde esa data, téñense producido numerosos cambios que farían recomendable unha fonda modificación do texto.

Son moitas as Universidades que substituíron ou complementaron a normativa de protocolo por guías, manuais e recomendacións que, por unha banda, son mais facilmente actualizables e adaptables ás novas circunstancias, e, por outra banda, son de mais fácil uso por parte dos membros da comunidade universitaria.

A isto contribuíu o feito de que se teña creado na CRUE un Grupo de Traballo de Protocolo e Relacións Institucionais que ten a disposición das universidades un repertorio de documentos de moito interese, como o Manual de Protocolo Universitario, o Catálogo orientador sobre as cores do traxe académico, as Presidencias e precedencias nos actos universitarios, as Recomendacións para actos externos organizados en universidades, entre outros.

Os novos Estatutos aprobados polo Claustro Universitario, pendentes de publicación do DOG, establecen no seu Título VII unha regulación dos “actos académicos, honras e imaxe corporativa e institucional da Universidade (artigos 189-192) que constitúe unha regulación mínima e suficiente. A partir dela, preténdese poñer a disposición da comunidade universitaria toda a información necesaria para respectar o protocolo esixible nos actos institucionais; e, xunto con elo, ditaranse as instrucións oportunas para garantir a axeitada coordinación entre servizos implicados na organización dos actos.

Por tratarse dunha norma, o Regulamento de símbolos, honras e protocolo da UDC permanece vixente ata que sexa derogado, polo que resulta oportuna a súa derogación para poder desenvolver as novas guías e os novos documentos sen outras limitacións que as sinaladas nos Estatutos e restante normativa estatal e autonómica que resulte de aplicación.

Artigo único. Derogación normativa

Derrógase o Regulamento de símbolos, honras e protocolo da UDC aprobado polo Consello de Goberno o 22 de xullo de 2005, reformado o de 30 de outubro de 2008.

Disposición Final. Entrada en vigor

Esta normativa entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial.

O reitor